

NOTA INFORMATIVA OCIOTECA

→ Poderán participar nas actividades tódolos nen@s **empadroados** no Concello de Burela, nad@s entre os anos **2016-2007**.

→ É obrigatorio o control de esfínteres.

→ As **fichas de inscrición e demais documentación xustificativa**, entregaranse no **Concello**, do **VENRES 14 AO LUNS 17 DE XUÑO (a partir das 8:00 h)**. Todo aquel que non teña formalizada e entregada a ficha de inscrición nas datas indicadas, non poderá asistir ás actividades.

→ O **xoves 20 de XUÑO** farase pública a **lista de admitidos** no Concello e na súa páxina web.

→ O **LUNS 1 de XULLO** comezarán as actividades que rematarán o **VENRES 30 DE AGOSTO**. O 26 de xullo e o 16 de agosto non haberán actividades.

→ Levaranse a cabo no **CEIP VISTA ALEGRE (comedor e aula de Gaia)**, de **Luns a Venres** en horario de **9:00 a 13:30 h**.

→ En tódalas actividades existe un número máximo de prazas para asegurar o correcto funcionamento dos grupos.

→ O grupo de 3 a 7 anos contará con 25 prazas.

→ O grupo de 8 a 12 anos contará con 25 prazas.

→ A **adxudicación de prazas** para as **Actividades Verán 2019** farase por rigorosa **orde de inscrición**, sempre que se cumpran os requisitos.

Terán **prioridade**:

1º. Ambos proxenitores activos laboralmente (será preciso xustificalo documentalmente).

2º. Fill@s de mulleres vítimas de violencia de xénero.

→ Os nenos deberán traer o material necesario para realizar as manualidades (pegamento, cartulinas, plastilina, etc), listado que se lles proporcionará os primeiros días das actividades.

→ En caso de quedar prazas vacantes unha vez iniciadas as actividades, completaranse os grupos seguindo a lista de inscrición.

→ O Concello poderá facer as modificacións que considere oportunas.

FICHA DE INSCRIPCIÓN OCIOTECA

AUTORIZACIÓN PAI/NAI/TITOR/A

D.con DNI.....
como pai/nai/titor/a de

Primeiro.- Autorizo ao meu fill@ a participar nas Actividades Verán 2019, incluídas as saídas.

Segundo.- Autorizo ao Concello de Burela, responsable do desenvolvemento e da execución das actividades, a utilizar fotografías tomadas no transcurso da participación do meu fill@ nestas actividades e facer uso delas nas súas respectivas tarefas de información e difusión.

Cuarto.- En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, comunicámoslle que os datos que vostede nos facilite quedarán incorporados e serán tratados nos ficheiros titularidade do Concello de Burela co fin de poderlle prestar os nosos servizos, así como para manterlle informado sobre cuestións relativas ás actividades. O Concello de Burela comprométese a tratar de forma confidencial os datos de carácter persoal facilitados e a non comunicar ou ceder devandita información a terceiros. Así mesmo informámoslle da posibilidade que ten de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal mediante escrito dirixido a Rúa Eijo Garay Nº 20.

Firma pai/nai/titor/a:

DATOS DO ALUMNO/A

NOME:		APELIDOS:	
D.N.I.:	DATA NACEMENTO:	IDADE:	
ENDEREZO:		C.P.:	
Tfno.			
E-MAIL:			
XULLO		AGOSTO	

OBSERVACIÓNS

Ten o seu fillo algún problema de saúde ou peculiaridade física ou psicolóxica que poida afectarlle na realización das actividades?